

## Manuel Vidal Villaverde: *A sombra do inimigo*

**Anxo Angueira**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

ANGUEIRA, ANXO (2011 [1998]). “Manuel Vidal Villaverde: *A sombra do inimigo*”. *A Trabe de Ouro*: 34, 127-128. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1128>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

ANGUEIRA, ANXO (1998). “Manuel Vidal Villaverde: *A sombra do inimigo*”. *A Trabe de Ouro*: 34, 127-128.

\* Edición dispoñíbel desde o 12 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

---

MANUEL VIDAL VILLAVERDE:  
*A SOMBRA DO INIMIGO*  
Espiral Maior, A Coruña, 1998

---

Anxo Angueira

---

Poucos autorretratos poéticos poden resultar tan diáfanos, críbeis e ao mesmo tempo perturbadores como este que agora amosa Manuel Vidal Villaverde en *A sombra do inimigo*, a súa segunda entrega despois de *Luceiros fuxidíos*. Non é nada doado atopar voces poéticas —por sorte algunhas vémolas sempre fieis a si mesmas— tan seguras e vivas, autenticamente instaladas nunha identidade, por contradictoria que esta nos resulte. Porque o libro deste singular poeta, alto entre os seus textos xornalísticos, íntimo veciño deles —non podía ser doutro modo—, éspese de retórica ornamental e distanciadora para, moitas veces dun xeito confesional, abrazar a sombra do propio eu, a do «inimigo», probabelmente máis próxima ao sol negro do que á negra sombra. Con este viaxeiro do pailebote náufrago da vida, valentemente náufrago, nun ronsel acugulado de citas e de dedicatorias, desde a bocoanoite ás trincheiras do abreinte, imos navegando un

mar sobrecolledor que o poeta nos enche de beleza rebelde e nos tinxe de vitalidade, dunha irrefreable teima por vivir que M. Vidal Villaverde acaba por inxectar no lector. Fronte á «patria emputecida e cabrona», fronte á «mocidade» esmacelada e múltiples ilusiones e labaradas», fronte á traizón e a mentira, o poeta propón unha actitude radicalmente distinta da resignación do derrotado. Esta coraxuda rebeldía ten os seu alicerces principais nunha paixón sen límites pola vida («só embebedarme na vida», «e non pechar xamais por defunción»), andar («digo, que digo, e sigo e ando e vivo») aínda que sexa en brutal soidade, expresada de xeito terríbel pero insospeitadamente acougado no poema «Ser só»: «Marcha can / deixa que desafogue a anguria / neste mundo de aparecidos e almas perdidas». Pero nestes alicerces onde senta a paixón pola vida sentan tamén a literatura e os amigos. O poeta arrópase de citas e dedicatorias que inzan o seu duro camiño de referentes literarios e de amizade. A literatura e a poesía máis concretamente —quen coñeza os artigos xornalísticos de Manuel Vidal Villaverde, concordará nisto— entra na realidade do poeta tanto, ou máis, que calquera outro aspecto político, social ou económico, paisaxístico ou xeográfico, que si condicionan outros discursos textuais. Os amigos, pola súa parte, os contrarios e compañeiros do «inimigo», comparten os soños do poeta, mesmo a súa sombra, unha palabra na caíza. E o amor. Amor acompasado a partidas e regresos a mares e ribeiras, a estíos, primaveras e outonos. Especialmente é de gostar o acomodo na «jaima» que tamén ilumina moitos artigos e que me ten algo de cunqueirán. En definitiva, só o amor, «só ti compañeira poderías deter este ocaso». A propósito de Cunqueiro, creo que hai ecos evidentes de Pondal no sublime, no vago das carballeiras, no anxo rebelde «que unhas veces dudoso, / sobres os audaces pasos / volvera, e outras veces / sen vacilar voando, / por arribar á bela luz perdida», ecos pondalianos no testamento, nese vagabundo pola paisaxe nocturna e cidadina do mundo, ou sexa, Camelias Street. Fonda, moi fonda poesía chea dunha elegancia estilística moi persoal na que cabe a frase feita, o ton confesional e familiar que nos achega o ser do poeta e un frenesí de loucura, bris azul que respiramos. Tampouco o lector se dá por derrotado e prosegue, aferrándose ó indefinido da esperanza. Mentres se uza a voz deste gran poeta, navegar, navegar, será moito máis doado botarlle corazón á vida.